

OS CASTROS



Eran poboados formados por cabañas agrupadas e rodeados de muros e fosos para a súa defensa. Estos poboados fortificados foron construídos durante a Idade de Bronce final e de Ferro, sendo as primeiras construcións coñecidas de habitación permanente en Galicia.

En Galicia existen máis de 2.000 castros, a maioría sen catalogar e sen estudar. Os castros máis antigos se sitúan no 800 a.C pero é a partir do 600 a.C cando hai un pleno desenvolvemento da cultura castreña. A partir do século I d.C comeza a decadencia dos castros ata o seu completo abandono.

Os habitantes dos castros adicábanse a agricultura, a gandaría e a pesca, e fabricaban obxectos de ferro.

Un dos castros da cidade da Coruña é o castro de Elviña. No entorno do campus universitario da Zapateira se ubica este castro que non está completamente excavado, pero que permite coñecer de preto a cultura castreña. Moitas das pezas atopadas se poden ver no Museo Arqueolóxico do Castelo de San Antón, na Coruña.

1. Que eran os castros?
2. Cantos castros existen en Galicia?
3. Cando foron construídos?
4. Que dúas culturas se fusionaron coa etapa dos castrexos?

5. Por que se sitúan preto da auga e en lugares altos?
6. De que estaban construídas as casas?
7. Que forma tiñan?
8. E os teitos de que estaban construídos?
9. Onde vivía cada familia?
10. Que construcións tiñan o barrio?